




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Valdoviño. Parroquia: Santiago de Pantín, na parte oriental; Santalla de Valdoviño na parte oeste. Extensión: 2,13 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Sector acantilado, moi recortado e con perfís nos que paredes de potencia variable dan lugar a vertentes de transición que enlazan con teitos tendentes á horizontalidade. Só o Monte Prados, ao sudoeste aumenta a porcentaxe destas pendentes. A variedade litolóxica e a existencia dalgunhas fracturas norte-sur explica o recorte rochoso e a abundancia de illotes, farallóns e recortes de plataforma rochosa. Paredes potentes, especialmente na metade sudoeste, onde alcanzan os 100 m. Elevada dinámica nalgúns sectores, con numerosos desprendementos e caídas de bloques, existindo dúas praias de pé de acantilado, a de Rosella e a de Prados.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Na parte leste aparece o dominio Olo de Sapo, no que se suceden de leste a oeste: unha serie de xistos e rochas verdes do Silúrico superior; unha unidade con cuarzoístos, fíltas satinadas e xistos verdes do Silúrico inferior, que á súa vez que contén unha estreita banda de pedras de gra feldespáticas e un lentellón de cuarzoístos feldespáticas de igual idade. Na parte central sucédense as rochas hercinianas e antehercinianas que de leste a oeste son: un granito herciniano de dúas micas con facies moi deformadas e heteroxéneas; un granito herciniano con facies de ortogneis de composición tonalítica; un metagabro anteherciniano. A unidade granítica presenta, á súa vez, dúas bandas estreitas de anfibolita anteherciniana e de ortogneis leucocrático granatífero, tamén herciniano. Na parte máis occidental aparece xa o dominio da Serie de Ordes, con materiais cuarzoístos, xistosos e metasamíticos de idade variable que vai dende o Precámbrico ata o Silúrico.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido en boa parte da costa acantilada: a temperatura media anual non baixa de 14°C e a variación térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A precipitación acumulada ao longo do ano sitúase entre 1000 mm e 1200 mm. Nos límites NE e SO da unidade, en contacto coas unidades sedimentarias de Pantín e Frouxeira, prodúcese un lixeiro incremento das temperaturas medias e tamén menores precipitacións, cun máximo de 1000 mm anuais, polo que pertencen ao dominio Cálido e Seco.

OS SOLOS

Mentres as ladeiras baixas e a fronte acantilada presentan, por superficialidade rochosa, leptosoles líticos, máis arriba toda a unidade está formada por acrisoles órticos.


AS AUGAS

Morfoloxía acantilada que dá lugar a unha rede fluvial pouco significativa na que se suceden as valgadas de escaso desenvolvemento continental. En todo caso, as augas verten ás masas de Augas Costeiras 20119, 20091 e 20092.

O PATRIMONIO NATURAL

Case toda a unidade, exceptuando algunhas partes altas das vertentes pertence ao LIC Costa Ártabra. Como unidade acantilada, domina o hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Os depósitos derivados da dinámica dos acantilados, incluíndo algunhas praias de pé con bloques e cantos na súa parte alta, introducen o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Tíñen unha grande importancia os hábitats de matogueira, que son os que maior superficie ocupan, existindo tanto brexeiras húmidas (4020) como brexeiras secas europeas de tipo continental 4030 e atlánticas secas costeiras con *Erica vagans* (4040). Nalgúns valgadas desenvólense, en vez destas brexeiras húmidas espazos de herbáceas que potencialmente poden constituir áreas turfófilas. Posúe cita do taxon vulnerable protexido *Antirrhinum majus* subsp. *linkianum*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unha extensa mancha de matogueira atlántica discorre cinguida ao perfil da costa sobre o teito de topografía plana no que culminan os acantilados presentes en todo o tramo. No centro da unidade, aparece o monte Prados, unha elevación ocupada por bosque de repoboación. Na súa vertente norte abriuse recentemente un circuíto de motocórs, mentres que ao sur do citado monte se localiza unha canteira de pedra. O uso agrícola desenvolveuse na vertente suroriental, orientada cara a Valdoviño, vinculado aos núcleos rurais existentes. O mosaico de usos complétase co uso residencial de carácter disperso que ocupou, tanto parte da mancha de matogueira costeira, como da trama do parcelario agrícola.

MORFOLOXÍA

Dada a rugosidade da configuración xeomorfolóxica da unidade, o sistema de asentamentos tradicional só desenvolveu o núcleo de Postamaior, con estrutura diseminada adaptada á pendente da ladeira, e unha pequena agrupación no lugar do Pereiro. Este modelo orixinario está a evolucionar seguindo novos patróns de ocupación, con crecementos residenciais de vivendas basicamente unifamiliares illadas, que non están relacionados coa vida rural e non desenvolveron unha funcionalidade urbana.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-566 de Ferrol a Ortigueira discorre tanxencialmente pola unidade, na ladeira leste do monte Prados, ao pé da canteira. Existe unha pista asfaltada a media ladeira que bordea a fronte litoral de sudoeste a nordeste, cinguíndose ao perfil costeiro e na que se inclúe un miradoiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No extremo occidental da praia dos Curas, aparece o castro de Punta do Bico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O elemento xenuíno é o de vertente que se asoma ao mar dende o teito dun perímetro de acantilado alambicado que serve de transición dende o areal de Pantín ata Valdoviño. Precisamente aquí, na ladeira que morre no extremo oriental da praia da Frouxeira desenvóléronse crecements residenciais dispersos, buscando aproveitar as espectaculares panorámicas desta praia. Esta unidade caracterízase polo tanto por presentar un carácter natural debido á súa fronte acantilada agreste e un carácter residencial contemporáneo asociado ao aproveitamento turístico dos seus recursos.

DINÁMICA DA PAISAXE

Presidida pola dinámica e os procesos de inestabilidade do acantilado, faise moi patente a colonización pola vivenda unifamiliar do manto vexetal de matogueira costeira e de antigas parcelas de uso agrícola, vinculadas aos asentamentos tradicionais que se esfumaban na estrutura paisaxística da unidade.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A vertente costeira do monte Prados e a fronte acantilada de espectacular dinamismo, con praias aos seus pés, xuntan os valores xeomorfolóxicos e ecolóxicos, recoñecidos coa súa inclusión no LIC e ZEPVN Costa Ártabra. A ladeira do monte dous prados, fito topográfico da unidade, erixese nun continuo balcón natural dende o que se goza dunhas amplas e espectaculares vistas. Pola súa configuración, a escena non goza dunha elevada accesibilidade visual global, pero dende Punta Corveira e o miradoiro da ladeira do monte Prados pódense outear panorámicas parciais deste perfil litoral da Costa Norte de Ferrol.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS











A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos residenciais desenvolvidos na vertente suroriental da ladeira do monte Prados baixando en altitude seguindo a pendente dende o núcleo rural de Postamaior á fronte acantilada de Punta Faluchos, de tipoloxía unifamiliar e que non presentan unha funcionalidade rural ou urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, en coherencia cos valores naturais do perfil acantilado e da tipoloxía tradicional de Postamaior, minimizando a presión sobre o perfil acantilado e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



